

TEMA 12. O Mundo actual.

12.1. Os novos movementos sociais: pacifismo, ecoloxismo, loita contra o racismo.

Desde metade do século XX van ir xurdindo, nos países industriais capitalistas, formas de asociarse, distintas dos sindicatos e partidos obreiros, que tentarán dar cabida a novas preocupacións especialmente das clases medias. Moitas persoas, favorecidas polo auxe económico, empezarán a reclamar cambios cualitativos no nivel de vida: reforma do sistema educativo, convivencia en paz, protección do medio ambiente, igualdade. Polo tanto van consolidarse, na nova sociedade de consumo, unha serie de novos movementos sociais: estudantil, pacifista, ecoloxista, antirracista, feminista, etc.

a) O MOVEMENTO ESTUDIANTIL.

Chamamos movemento estudantil ó fenómeno de protesta universitaria de fins dos anos 60 e principios dos 70, que tivo como data clave 1968.

Este movemento estudantil caracterizouse por:

- Aparecer como unha fase evolutiva do movemento de descontento xuvenil, que iniciaron os adolescentes (teenagers) dos EEUU nos anos 50 e que se estendeu a Europa occidental nos anos 60: os adolescentes rexeitaban os valores dos adultos e buscaron unha identidade propia tomando como referencia os costumes de sectores sociais marxinais ou de minorías raciais ... apostando pola liberdade individual e o risco. Este movemento de descontento ou rebeldía foi pronto aproveitado pola industria do cine e da televisión (os adolescentes contaban con diñeiro e tempo libre para gastar) para difundir as novas formas de vestirse, peitearse, bailar e o culto ó novo estilo musical chamado rock and roll (música negra adaptada para gustar ós adolescentes brancos: Elvis Presley nos EEUU e Beatles-Rolling Stones en Europa).
- Ter unha influencia indirecta da postura vital dos intelectuais bohemios da xeración beat (os beatniks mostraban a súa insatisfacción cos valores da sociedade occidental desde os anos 50) a través do movemento dos hippies dos anos 60, que apostaron por romper co modelo de sociedade baseado na familia, no traballo e na guerra.
- Recibir a influencia directa dos cantantes pop (Bob Dylan, L. Cohen), que trataban de difundir coas súas cancións as posibilidades dos xoves de pasar de ser simples rebeldes a converterse en revolucionarios capaces de transformar a sociedade.
- Representar a politización do movemento de descontento xuvenil, ó conectar os desexos de cambio de parte dos xoves coas correntes ideolóxicas máis radicais ou antisistema (anarquistas, troskistas, maoístas ...): Os estudantes pasan do descontento a cuestionar a globalidade do sistema de valores criticando o sistema educativo autoritario, cuestionando a propiedade privada e capitalista, rexeitando as torpezas dos socialismo real imposto pola URSS, denunciando a explotación neocolonial dos países do Terceiro Mundo ... toman como referentes ideolóxicos a figuras consideradas como revolucionarias (Buda, Cristo, ... Marx, Freud, ... Ho Chi Ming, Fidel Castro, Che Guevara) para respaldar a loita por un novo modelo de sociedade no que terían cabida as diferencias, a liberdade, a creatividade e a convivencia dos pobos en paz.

Estes movementos de protesta, que arrastraron a un grande número de estudantes e a un certo número de profesores, reproducían sempre un mesmo esquema: as protesta iniciábanse en forma de manifestacións e sentadas dos estudantes reclamando maior democratización e participación nos órganos de dirección da Universidade ... cando a protesta lograba paralizar o funcionamento das actividades o goberno optaba por enviar á policía ou ó exército para reprimir as protestas e pechar os campos universitarios ... ante o peche os comités de estudantes reaccionaban trasladando as manifestacións de protesta ás rúas e convocando ós obreiros e á sociedade en global a manifestarse contra o goberno e contra toda a estrutura de valores do sistema.

As protestas dos estudantes afectaron a múltiples países e segundo os casos tiveron os seus motivos específicos:

- Nos EEUU, as protestas centráronse na Universidade de Berkeley e en reclamar o fin da guerra de Vietnam, o respecto ás minorías raciais e á igualdade da muller: o goberno respondeu con represión e persecución dos líderes.
- En Francia, os universitarios de París buscaron o apoio do movemento obreiro para reclamar maior democracia e liberdade (“Maio do 68”): o presidente Charles de Gaulle respondeu con represión.
- En Checoslovaquia, os universitarios de Praga rexeitaron o autoritarismo do partido comunista e reclamaron unha transición ó sistema democrático (“a Primavera de Praga de 1968”): a URSS respondeu invadindo Checoslovaquia con tanques.

Este movemento estudantil pode considerarse un fracaso político por non lograr desprazar do poder ós partidos políticos gobernantes, pero en realidade tivo unhas consecuencias transcendentais ó implicar:

- Un forte impacto ideolóxico ... os estudantes lograron sementar a desconfianza nos partidos políticos, a idea de liberdade no individuo fronte ó autoritarismo da familia e do estado, o obxectivo básico da busca do pracer e da vida natural, etc.
- Unha renovación organizativa ... fomentaron a renovación e aparición de novos movementos sociais como o feminismo, o ecoloxismo, o pacifismo-insubmisión, os okupas e os movementos de liberación homosexuais e lésbicos.
- O éxito das técnicas publicitarias e difusión polos medios de comunicación como tácticas para estender un conflito ... os slogans e as imaxes televisivas das protestas crearon un modelo para canalizar as accións dos distintos movementos sociais (manifestacións antinucleares, pacifistas, ecoloxistas, feministas).

O lastre do movemento estudantil resultou ser a sensación de frustración ante o fracaso de moitos mozos e mozas que acabaron optando por opcións extremas: organizar bandas armadas para cambiar a sociedade de xeito violento (terrorismo) ou buscar a liberación persoal pasando da sociedade e os seus valores (abuso de consumo de drogas como a heroína e expansión das sectas).

Polo tanto o movemento estudantil de fins dos anos 60 e inicios dos 70 alterou radicalmente o concepto de mocidade, as actitudes xuvenís, os sistemas educativos, as formas de organización social, o prestixio dos sistemas capitalista e socialista e acabou por facilitar a consolidación dunha sociedade máis aberta e plural na que floreceron todo tipo de novos movementos sociais.

b) O MOVEMENTO PACIFISTA OU PACIFISMO.

Podemos entender por pacifismo dous tipos de movementos diverxentes:

- Un movemento de persoas que renuncian totalmente ó emprego de métodos violentos para lograr calquera tipo de obxectivo.
- Movemento de persoas que se opoñen ás actitudes belicistas de fomentar a construción de armamento e o recurso á guerra como método eficaz para resolver os conflitos.

Estas dúas variantes do fenómeno pacifista non resultan contradictorias posto que, se ben son diverxentes, manteñen en común o obxectivo de loitar pola paz.

Antes da II Guerra Mundial o pacifismo mostrouse como un movemento ligado a certos grupos relixiosos, ás organizacións anarquistas e ó internacionalismo socialista. Despois da II Guerra Mundial o fenómeno pacifista xeneralizouse como resposta ó grande impacto emocional da barbarie

e destrución da guerra e, sobre todo, do terror que infundi na poboación o novo armamento atómico e a carreira armamentista asociada á tensión bipolar da Guerra Fría.

Desde o bombardeo das cidades de Hiroshima e Nagasaki (Xapón) en 1945 os científicos e intelectuais iniciaron unha serie de protestas polo uso bélico das posibilidades da fisión nuclear ... ó longo dos anos 50 creceu o malestar dos europeos occidentais, xaponeses e estadounidenses pola crecente carreira armamentista de EEUU e a URSS, que xeraba unha sensación de grande inseguridade:

- Os británicos enfróntanse ó dilema de aceptar ou non armamento nuclear no seu país ... Gran Bretaña acaba por nuclearizarse.
- Os alemáns da RFA mantiñan dúbidas entre optar polo desarme ou o rearme ... o goberno da RFA acabou optando polo ingreso na OTAN e a aceptación do armamento nuclear americano.
- Os franceses centraron as súas disputas na actitude ante o conflito colonial da guerra de Alxeria ... os pacifistas optaron pola deserción e o goberno pola represión.

Nos anos 60 todos os movementos pacifistas confluíron na protesta conxunta contra a barbarie da intervención militar dos EEUU na guerra de Vietnam, estas protestas tiveron especial éxito entre os movementos estudiantís de EEUU e Europa occidental. Os medios de comunicación acabaron por converter as manifestacións antibélicas en grandes acontecementos de masas.

A finais dos anos 70 e principios dos 80 os movementos pacifistas volven de novo a retomar as protestas antinucleares dada a reactivación da carreira armamentista (fabricación e instalación masiva en territorio europeo de mísiles con cabeza nuclear por parte da URSS e EEUU). A protesta antinuclear foi especialmente intensa en Gran Bretaña, Holanda, Bélxica e República Federal Alemana: os pacifistas propuñan a opción cero ou desnuclearización completa do continente europeo e lograron sensibilizar a un grande sector da poboación, que empezou a participar en manifestacións mostrando o seu rexeitamento á nuclearización e ó propio belicismo.

Nos anos 90, coa desaparición das tensións da bipolaridade e a tendencia dos estados a desnuclearizarse, os movementos pacifistas reduciron a súa actividade e as preocupacións sociais tenderon cara á estabilidade dos ecosistemas.

c) O MOVEMENTO ECOLOXISTA OU ECOLOXISMO.

Podemos entender por ecoloxismo todo movemento de reacción contra os efectos destrutivos do fenómeno da industrialización sobre os ecosistemas ou medio ambiente.

É certo que o ecoloxismo é un movemento ligado ó propio proceso de industrialización do século XIX e XX, pero como tal movemento social só debemos referenciarlo ás últimas décadas do século XX, posto que só neste período xorde unha conciencia global de que a industrialización pon en perigo a supervivencia da vida sobre o planeta. Polo tanto toda a actitude ecoloxista do século XIX e maior parte do XX debe ser considerada como un simple antecedente do movemento ecoloxista. Entre eses antecedentes cabe destacar:

- O ambientalismo ou hixienismo, que reclamaba a procura dunhas condicións de vida máis saudables para os habitantes dos barrios obreiros, moi afectados polo fenómeno de contaminación das augas e do aire derivado da actividade das fábricas.
- O proteccionismo ou conservacionismo, que reclamaba a protección de determinados espazos, paisaxes ou especies vivas ameazados polo industrialización, a agricultura moderna e a expansión do urbanismo.
- O naturismo, que reclama unha relación máis natural ou harmónica do home co seu medio en contra da alienación dos novos costumes estendidos pola sociedade industrial.

Poderíamos considerar como causas directas da aparición dunha conciencia ecoloxista:

- A expansión das economías capitalistas (explotando de xeito intensivo recursos enerxéticos e materias primas por enriba das capacidades de rexeneración), que produce un forte impacto sobre as reservas enerxéticas e a biodiversidade.
- A alteración dos equilibrios bioxeoquímicos pola acción da contaminación dos solos, a auga e o aire, que ameaza a propia supervivencia no planeta.
- A publicación, a fins dos anos 60, de obras científicas informando dos perigos para a vida vexetal e animal dunha industrialización sen control.
- A postura, a inicios dos 70, dos intelectuais do Club de Roma ou da propia ONU (convócase a primeira Conferencia Mundial sobre medio ambiente) de advertir dos riscos da industrialización.

Pero en realidade a conciencia ecoloxista no mundo occidental debeuse máis ó impacto na poboación das noticias e reportaxes sobre catástrofes ecolóxicas:

- Desastres nucleares (Chernobil ...).
- Accidentes de petroleiros (Urquiola en A Coruña, Epsilon-Valdez nas costas de Alaska).
- Escapes químicos (Séveso en Italia, Bhopal na India).
- Deforestación (Amazonía ...)
- Desertización (área subsahariana, área do mar Caspio).
- Contaminación dos ríos.
- Impacto de efecto invernadoiro.
- Fraxilidade da capa de ozono.

Son esas catástrofes, sobre todo as televisadas, as que fomentaron a aparición crecente dun movemento social de reacción que cuestionou a viabilidade dos modelos de produción capitalista e socialista, por tender a chocar con límites insuperables da natureza.

Os movementos ecoloxistas inician, nos anos 80 e 90, mobilizacións contra a enerxía nuclear, a caza de baleas, os hábitos consumistas, etc. que alcanzaron unha múltiple influencia a múltiples niveis.

Entre as consecuencias do éxito do discurso ecoloxista cabe destacar:

- A expansión de organizacións ecoloxistas internacionais (Greenpeace, WWF, ...) estatais e locais.
- A sensibilización de amplos sectores da opinión pública que presionan ós estados para que tomen medidas.
- A actitude dos lexisladores que tenden a elaborar leis de contido ecolóxico.
- A postura da policía ou xuíces que empezan a tomar en consideración os delitos ecolóxicos.
- A aposta de múltiples empresas pola renovación tecnolóxica co obxectivo de evitar as fortes multas ou o peche de actividade derivadas dun delito ecolóxico.

A clave da conciencia ecolóxica, que está na base do auxe do movemento ecolóxico dos anos 80 e 90, debemos atopala no crecente convencemento de que todo acto mínimo destrutivo ou reparador ten unha repercusión global no planeta: a máxima ecoloxista é actuar localmente pensando globalmente.

d) O MOVEMENTO POLA IGUALDADE RACIAL OU LOITA CONTRA O RACISMO.

Este movemento ten como obxectivo afirmar a igualdade xurídica dos individuos dun estado independentemente da súa condición racial. Cuestiona toda situación de discriminación ante os dereitos civís ou de segregación en guetos dos distintos grupos raciais.

A loita contra o racismo, na 2ª metade do século XX, ven precedida do impacto da barbarie nazi cos grupos minoritarios (xudeus, xitanos, comunistas, etc), que provocou entre os brancos un forte sentimento de mala conciencia e os procesos de descolonización, que elevaron a autoestima de certos grupos raciais).

Entre os grandes movementos antirracistas cabe destacar:

- A loita pola igualdade xurídica dos 16 millóns de negros ou afroamericanos dos EEUU. Ó longo dos anos 50 e 60 Martin Luter King liderou con éxito un grande movemento de protesta contra a segregación racial nas escolas e transportes públicos de múltiples estados do Sur. Martin Luter King apostou pola non violencia, as accións de boicot, a desobediencia civil ás normas segregacionistas, as grandes marchas e a colaboración interracial con sectores progresistas brancos. Destaca tamén Malcolm X e a Nación do Islam neste proceso. Este movemento, a mediados dos anos 60, acabou por lograr a prohibición de toda discriminación negativa en calquera administración pública (federal, estatal, local) e incluso a imposición de programas de discriminación positiva para intentar favorecer a igualdade de oportunidades das minorías.
- A loita contra o sistema de “apartheid” imposto pola minoría branca sudafricana sobre a poboación negra: unha minoría de tres millóns de brancos de orixe holandés e británico someteron a vintetrés millóns de negros a unha discriminación ou segregación absoluta obrigándoos a vivir en guetos, prohibíndolles o uso de servicios públicos reservados ós brancos e despoñíndoos de múltiples dereitos civís e políticos. O movemento de protesta antiapartheid dos negros sudafricanos estivo liderado por Nelson Mandela, como dirixente do Congreso Nacional Africano, que despois de longos anos de cárcere rematou por ser presidente de Sudáfrica: Nelson Mandela apostando pola non violencia, as manifestacións de protesta, a desobediencia civil e o apoio do boicot internacional ó goberno sudafricano logrou a inicios do 90 provocar a desaparición do sistema racista e a consolidación en Sudáfrica dun sistema democrático con igualdade de dereitos de todos os grupos raciais.

Os movementos antirracistas tiveron en común unha serie de elementos que lles deron un carácter unitario. Entre os elementos que caracterizan a todos os movementos de loita contra o racismo cabe destacar: o recurso a métodos non violentos, a defensa de postulados pacifistas, o reclamar a liberdade individual, o pretender a igualdade xurídica e o agrupar a individuos de distintas clases sociais.

12.2 AS DIFICULTADES NO PROCESO DE INTEGRACIÓN EUROPEA.

a. AS DIFICULTADES NA ORIXE DAS COMUNIDADES EUROPEAS.

Ó rematar a II Guerra Mundial (1939-1945) os países europeos encóntranse con tremendas dificultades para facer fronte a súa reconstrucción. Por esta razón os países do Oeste deciden aceptar a oferta de axuda económica dos EEUU: “O Plan Marshall”. Pero a entrega da axuda estaba condicionada a que os países que quixeran recibila se integrasen nunha organización: “**A Organización Europea de Cooperación Económica**” (OECE).

O éxito da cooperación levou, a inicios dos anos 50, a certos intelectuais e políticos a proclamar a necesidade de por fin as inimidades históricas entre os países europeos e de fomentar a solidariedade en torno á idea común de paz e progreso: “A Declaración Shuman” de 1950.

O primeiro grande logro produciuse en 1951-52 coa creación da **Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro** (CECA), que lograba a integración de Bélxica, Holanda, Luxemburgo, Alemaña,

Francia e Italia, baixo o obxectivo común de regular un mercado común de libre circulación e competencia nos intercambios destes dous produtos claves para a reconstrución económica ... Gran Bretaña optou por non integrarse.

O éxito do mercado común da CEE levou a estes seis países a poñerse de acordo para pactar un mercado común con obxectivos máis amplos: “ **O Tratado de Roma de 1957-58**”. Este Tratado dá orixe a Comunidade Económica Europea (CEE) e á Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM). As tres Comunidades pasarán a estar xestionadas por catro institucións:

- O Parlamento Europeo, que exercerá o control económico e político sobre a Comisión Europea e o Consello de Ministros.
- A Comisión Europea, que se encargará de propor as políticas comunitarias e de executalas.
- O Consello de Ministros, que decidirá cales serán as políticas propostas executables.
- Un Tribunal de Xustiza, que velará polos principios e as normas comunitarias.

O Tratado de Roma creaba un mercado único das comunidades europeas en base a:

- Uns principios moi amplos:
 - A libre circulación de produtos.
 - A libre circulación de traballadores.
 - Un arancel común fronte as importacións de terceiros países.
 - Harmonización das políticas económicas dos membros das Comunidades.
- Unhas metas ambiciosas:
 - Eliminación das alfándegas entre os seis estados e arancel exterior común, para antes de 1970.
 - Instaurar unha Política Agraria Común (PAC), nos anos 70.

b) AS DIFICULTADES NA EVOLUCIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS.

Ó longo dos anos 60 a recuperación económica dos seis países comunitarios foi espectacular, o que levou a Gran Bretaña, Irlanda e Dinamarca a solicitar a adhesión ou entrada nas Comunidades: Francia tratou de impedi-lo, pero finalmente en 1972-73 constituíuse “A Europa dos Nove”.

Os efectos económicos da crise de 1973 dificultaron o consenso e provocaron certa parálise na toma de decisións e no ritmo da consecución de obxectivos.

Nos anos 80 tómanse novas decisións e renóvase a confianza nas metas a conseguir:

- Permítese a integración de tres países mediterráneos (Grecia en 1981 e España e Portugal en 1986) ... dificultada durante longo tempo por Francia, por chocar cos seus intereses agrícolas.
- Asíñase a “Acta Única Europea”, que ven a supoñer unha reforma do Tratado de Roma e a impoñer como gran obxectivo a procura dun Mercado Único de mercadorías, persoas, servizos e capitais para 1993 e a creación de grandes fondos de axuda para tratar de apoiar a renovación das estruturas daquelas rexións máis atrasadas dos doce países: A Acta Única Europea é unha proposta para crear un espazo económico e social común moito máis ambicioso e lanzar a idea de avanzara cara a Unión Europea.

c) AS DIFICULTADES NA REFUNDACIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS: A UNIÓN EUROPEA.

A inicios dos anos 90, aproveitando a fase de auxe económico e os éxitos nos obxectivos da Acta Única, os dirixentes dos países comunitarios decidíronse a elaborar un Tratado de Refundación : “**O Tratado de Maastricht**” de 1992-93. Este Tratado supuxo o nacemento da Unión Europea, creada sobre a realidade do Mercado Único de doce países sen fronteiras e orientada a novos obxectivos económicos e políticos:

- Lograr a unificación das políticas económicas e das moedas (o Euro).
- Alcanzar maior grao de democracia nas institucións comunitarias.
- Alentar a toma de decisións comúns en asuntos de política internacional.
- Fortalecer un sistema de defensa propia.
- Fomentar a integración de novos países.

Na actualidade podemos confirmar que os obxectivos do Tratado de Maastricht (redefinido no Tratado de Amsterdam de 1997 e reformado de novo no Tratado de Niza do 2000) atópanse en situacións diverxentes:

- A unificación da política económica e monetaria resulta unha realidade consolidada.
- A democratización das institucións e a consolidación do status de cidadán europeo evolucionan lentamente.
- A integración de novos países resultou fácil no caso de Austria, Suecia e Finlandia (Europa dos quince, 1995), pero está a resultar lenta e difícil a negociación para a posible integración dos países do Leste de Europa.
- O consenso en política exterior está a resultar un certo desastre (posturas diverxentes nos conflitos dos Balcáns, postura unilateral de Gran Bretaña en apoio de EEUU ...).
- A defensa propia semella unha ilusión, posto que xorden dificultades enormes para definir un modelo común de defensa e para redefinir a posición dos Estados Europeos no marco da OTAN.

As dificultades da Unión Europea (UE) para adaptarse, as novas circunstancias da desaparición da bipolaridade e a competencia cos mercados xaponés e estadounidense, están a incrementar entre os europeos unha corrente de euroescépticos, que tratan de estender a dúbida sobre a consistencia do proxecto de Maastricht. Percíbese entre moitos dos europeos comunitarios unha sensación dual: senten que a Unión Europea é un grande logro claramente asentado e ó mesmo tempo mostran temor polo futuro incerto do Euro e da ampliación ós débiles países ex socialistas do Leste de Europa.

12.3. A PERESTROIKA E A CRISE DO SOCIALISMO REAL.

Desde 1970 a URSS empezou a acusar un grande número de deficiencias que poñían en perigo a estabilidade do socialismo real. Estas deficiencias afectaban:

- Á economía, na que estaba a producirse unha situación de estancamento pola redución dos investimentos de capital, a falta de modernización tecnolóxica, a ineficacia na distribución de recursos e a baixa produtividade dos traballadores. O modelo de produción soviético baseábase nunha explotación irracional de minerais e recursos enerxéticos fáciles de extraer e agora, ante os incremento dos custos de produción e o grave despilfarro de recursos (acompañado dunha brutal destrución do medio ambiente), mostrábase afectado por unha grave crise.
- Ás relacións sociais, posto que ó aumentar o consumo de alcohol entre os homes e verse as mulleres sometidas a unha dobre xornada esgotadora (traballaban fóra e dentro da casa, sen contar coa axuda dos electrodomésticos) crece espectacularmente o número de divorcios e descende a natalidade. Paralelamente degrádanse os servizos públicos (escasean as vivendas, empeora a atención médica, redúcese o prestixio dos licenciados universitarios ...) e increméntase a desigualdade entre os simples traballadores e a nomenklatura (cargos do partido comunista e do goberno).
- Ó sistema político, ó pasar a obter o control dos cargos políticos anciáns sen capacidade de cambio, só preocupados por facer desaparecer todo debate e impedir calquera protesta ou disidencia. Paralelamente tensiónanse as relacións exteriores con EEUU, Polonia, Irán, Afganistán e China.

Ante tantas dificultades os soviéticos decidiron apostar por Mihail Gorbachov para que intente reconducir a caótica situación da URSS. Gorbachov lanza a proposta da Perestroika ou reestructuración e ofrece ademais “glanost” ou transparencia informativa.

Esta “perestroika” pretendía simultaneamente:

- Reestructurar a política exterior, retomando as conversacións sobre desarme de mísiles e diversas armas estratéxicas, abandonando Afganistán e aceptando os triunfos electorais de grupos antisoviéticos en Polonia, Hungría, RDA, Rumanía ... en 1990 esta flexibilidade derivou na desaparición do muro de Berlín, a unión das dúas Alemañas e a disolución do COMECON e do Pacto de Varsovia.
- Facer reformas na economía, inicialmente decretáronse normas contra o absentismo laboral provocado polo alcoholismo, a economía submerxida e o mercado negro ... o fracaso destas medidas convenceu a Gorbachov da necesidade de plantear un plan de reestructuración da economía que fomentase as cooperativas, a autonomía das empresas e as empresas mixtas con capital estranxeiro ... en 1990 confirmouse o fracaso total da Perestroika económica ó aparecer o desemprego e xeneralizarse o caos económico en todos os sectores.
- Reforma as institucións políticas internas, reducindo o poder do partido comunista, permitindo a pluralidade de partidos, convocando eleccións, reformando a constitución ... a poboación, sobre das Repúblicas Bálticas e Repúblicas do Cáucaso esixían moitos máis cambios ... Gorbachov aproveita as críticas para ofrecer un programa de democratización, pero as Repúblicas prefiren apostar por reclamar o dereito a ser independentes.

A Perestroika ó permitir a transparencia informativa e aceptar o debate e a crítica creou as condicións para que as distintas Repúblicas, sometidas ó centralismo ruso desde Moscú, reclamaran a autodeterminación ou dereito a decidir ser independentes. Os dirixentes das distintas Repúblicas tenden a un discurso nacionalista reclamando o seu dereito a resolver á súa maneira a súa propia reestructuración económica, social e política. Os intentos de Gorbachov de chegar a un pacto coas Repúblicas Bálticas, Caucásicas e centroasiáticas, ofrecéndolles unha lei reguladora do dereito a independizarse e un novo tratado da Unión, provocou unha reacción dos propios políticos comunistas, próximos a Gorbachov, de apostar por un golpe de Estado ... o fracaso espectacular do intento de golpe de Estado desbordou a Gorbachov (renunciou á dirección do partido comunista e da URSS) e acelerou a declaración de independencia de todas as Repúblicas provocando a desintegración da URSS... o líder da República Rusa (Boris Ieltsin) pactou con certas Repúblicas a creación da CEI (Comunidade de Estados Independentes) para tratar de negociar o reparto da herdanza da URSS.

Ó longo dos anos 90 a situación das Repúblicas ex –soviéticas continuou degradándose:

- Na economía acelerouse o descenso da produción, incrementouse a inflación e o desemprego, disparouse o déficit público e impuxéronse as redes mafiosas.
- Na política tendeu a elixir gobernantes con actitudes autoritarias e centralistas, anulando a posibilidade de instaurar costumes democráticos e provocando as tensións nacionalistas das minorías dentro de cada República, sobre todo na Federación Rusa (Guerra de Chechenia) e nas Repúblicas do Cáucaso.

Polo tanto a Perestroika resultou ser máis unha improvisación provocada pola presión das circunstancias que a posta en marcha dun plan previsto. Pero sobre o fenómeno da Perestroika cabe facer múltiples lecturas ou interpretacións, que podemos resumir en tres:

1. Ideouse como un intento de reformar o sistema soviético desde dentro sen alterar o monopolio político do PCUS e a integridade da URSS.
2. Planteouse como unha aposta pola economía de mercado e a democracia parlamentaria, aceptando o fracaso da economía centralizada e da dictadura do proletariado.
3. Naceu como unha pretensión de revitalizar o sistema socialista fomentando a crítica e a participación da poboación na vida económica e política.

Independentemente de cal consideremos a lectura máis acertada, os feitos permítenos afirmar que a proposta de Gorbachov de reestructuración resultou ser un rotundo fracaso porque non logrou

reformular o sistema soviético nin impedir a súa desintegración, pero tampouco logrou asentar nas Repúblicas soviéticas a economía de mercado e a democracia parlamentaria. Inda que a Perestroika si provocou cambios transcendentais que modificaron a situación das Repúblicas soviéticas, das democracias populares de Europa Oriental, dos restantes países socialistas (China, Cuba ...) e do propio bloque capitalista.

12.4. A NOVA ORDE INTERNACIONAL.

A partir de 1990 xa podemos falar dunha nova etapa nas relacións internacionais ou nova orde mundial de características radicalmente distintas ás da bipolaridade da Guerra Fría.

Esta nova orde internacional ven determinada por:

- A reunificación da República Federal Alemana (RFA) e a República Democrática Alemana (RDA) nun novo Estado Alemán facilitada pola Perestroika na URSS (1985-1991) e o derrubamento do muro de Berlín (1989).
- As transformacións nos países do Leste de Europa, que aproveitan a Perestroika para abandonar o Comecón e o Pacto de Varsovia e iniciar a transición ó sistema económico capitalista e o sistema político liberal parlamentario ou democrático.
- A desaparición da URSS, desmembrada en 17 repúblicas independentes, ante o fracaso de M. Gorbachov no intento de reformar o sistema económico e político soviético e canalizar o descontento das repúblicas.
- A desaparición de Iugoslavia, fracturada en varias repúblicas independentes sumidas en brutais conflitos étnicos e territoriais.
- A reafirmación do proxecto de unidade económica e política dos países europeos do Oeste, que deciden transformar a CEE en UE na procura de maior poder económico e maior prestixio nas relacións internacionais.
- O papel hexemónico dos EEUU, que pasaron a converterse na única potencia con capacidade para impoñerse como os gardiáns da orde mundial.
- O estraño papel da OTAN, que pasa de organismo militar de defensa dos países do bloque capitalista, contra calquera tipo de ataque dos países do bloque socialista, a intentar converterse nun organismo militar encargado de defender a estabilidade internacional.
- O renovado papel da ONU, que intenta incrementar o seu protagonismo internacional como garantía do diálogo e da conservación da paz en todo o mundo.

Pero esta nova orde internacional da década de 1990 ven atravesando certas dificultades serias.:

- **Na Unión Europea (UE):** Os líderes políticos están preocupados porque, aínda que lograron incrementar o seu poder económico, non dan coa forma de facer valer os seus intereses internacionais conxuntos ante os intereses dos EEUU. Ademais existe certo medo á posible prepotencia do novo gran estado alemán.
- **Nos países de Europa do Leste:** Existe malestar polo trato que reciben por parte dos países da UE e dos EEUU cando negocian os prazos e condicións para ingresar na UE e na OTAN.
- **En Rusia:** A nova Rusia non logra encontrar a súa posición nas relacións internacionais, non atopa estabilidade na súa transición do sistema socialista ó sistema liberal e ademais non consegue frear as tensións internas provocadas polas nacións que reclaman facerse independentes.
- **Nos Balcáns:** As tensións entre croatas-bosnios-servios derivaron en sucesivas guerras civís, que se viron agravadas pola torpeza das posicións políticas dos países membros da UE e dos EEUU.
- **No Oriente Medio:** Ós conflitos árabe-israelitas, engádense os fundamentalismos islámicos e as tensións derivadas da Guerra do Golfo (1990) entre Irak e EEUU. Os palestinos e os israelitas móstranse incapaces de chegar a pactar un Tratado de Paz e os EEUU continúan

empeñados en manter o bloqueo económico de Irak e o desprezo contra o movemento islámico

- **En África:** A maioría dos países viven afectados pola dependencia neocolonial, a seca, a fame, o Sida e as guerras civís. Os EEUU só se preocupan de África cando afecta ós seus intereses, no caso de traxedias como a guerra civil de Alxeria, de Ruanda-Burundi, etc non presta a máis mínima atención.
- **Na península do Indostán:** Están a elevarse as tensións fronteirizas entre Pakistán e a India, co risco de que os seus estados posúen armamento atómico que ameazan con usar. Os EEUU non encontran fórmulas para relaxar a tensión.
- **En China:** Os chineses están a facer un forte esforzo por abandonar a súa economía socialista e habituarse ós costumes capitalistas. Pero o potencial económico e militar de China asusta e os EEUU lonxe de favorecer a transición tenden a entrar en conflitos diplomáticos con China.
- **Na América latina:** A maioría dos países atravesan unha grave crise económica (problema da débeda externa) e os gobernantes democráticos vense arrastrados cara a corrupción e ó sometemento dos intereses dos EEUU.
- **Nos EEUU:** A tendencia, dos diplomáticos e militares estadounidenses, a pretender resolver os conflitos internacionais con solucións parciais e pouco equilibradas, a usar os organismos da ONU e da OTAN en función dos seus intereses e a mostrarse prepotentes cos gobernantes europeos, dos países árabes, de Rusia, de China ou de Xapón ... non ven favorecendo a convivencia internacional e o papel de gardián da Paz que ten que xogar os EEUU.

Este conxunto de desaxustes nas relacións internacionais obríganos a pensar que, aínda que xa están superadas as tensións da bipolaridade ou Guerra Fría, aínda estamos lonxe dunha orde internacional estable.

11.4. O FUNDAMENTALISMO ISLÁMICO.

O fundamentalismo islámico é un movemento cultural, político, social e económico que pretende unha reestructuración global das estruturas político-xurídicas dos estados que controlan poboación da relixión islámica; plantean unha prevalencia dos principios relixiosos sobre os principios políticos e xurídicos.

Os fundamentalistas islámicos para lograr o seu obxectivo tenden a inclinarse por dúas vías: provocar un proceso de islamización desde abaixo procurando alentar o descontento da xente desde as mesquitas e as escolas coránicas, para fomentar movementos de protesta capaces de presionar ós dirixentes políticos cara á islamización da sociedade ou organizar grupos armados co obxectivo de levar adiante unha guerra santa ou yihad capaz de reconquistar a sociedade para o islam.

Ó longo da historia dos países musulmáns contéplase como un feito tradicional a emerxencia intermitente de movementos cuestionando os poderes establecidos en nome dunha recuperación da pureza do islam: os islamistas propoñen unha nova orde política-social inspirada nas revelacións de Alá ó profeta Mahoma (recollidas no al-Corán) e nos actos e ditos dos catro primeiros califas (recollidos na sunna) ... defenden a subordinación das leis e decisións políticas a shaira ou lei divina. Estes movementos fundamentalistas tenden a xurdir tanto nos países de tradición islámica sunnita (a maioría dos islámicos) como chiíta (minoría).

As reaccións islamistas contemporáneas prodúcense nun contexto complexo determinado por: o auxe imperialista de fins do século XIX, o impacto da I Guerra Mundial, a inestabilidade de entreguerras, as repercusións da II Guerra Mundial, as tensións do proceso de descolonización e da guerra fría e a frustración do progreso motivada pola crise de 1973.

Para entender a evolución dos movementos panislamistas, ó longo deste período, debemos analízalos en relación coa evolución do outro gran movemento, que afecta ós territorios do norte de África e Oriente Medio, o panarabismo:

- a) A fins do século XIX: mentres a imperio turco, para intentar evitar a súa decadencia fomenta os grupos panislamistas na procura de usar o islam como elemento integrador dos pobos sometidos ... paralelamente os intelectuais e políticos dos países do Oriente Medio e norte de África prefiren apostar por opcións nacionalistas panarabistas á procura de independencia, esperando que a lingua e a cultura árabes funcionen como lazo de unión fronte ó turco.
- b) Durante a I Guerra Mundial: o imperio turco e os países do norte de África e Oriente Medio toman posición en bandos distintos ... a derrota dos turcos supuxo o desprestixio do movemento panislamista, pero o éxito dos panarabistas non derivou nun recoñecemento de independencia (Francia e Gran Bretaña impiden que se aplique o principio de cada nación un estado, defendido por Wilson, e logran que a Sociedade de Nacións lles entregue, en réxime de mandato, o control sobre os territorios perdidos polos turcos en Oriente Medio e norte de África).
- c) Ó longo do período de entreguerras. Os panislamistas recuperan prestixio ó centrarse no cuestionamento da occidentalización ou modernización de costumes imposta por franceses e británicos... mentres os panarabistas tenden a rexeitar o modelo capitalista para asumir posturas socialistas como vía a modernización.
- d) Na II Guerra Mundial: o desprestixio e a incapacidade de Francia e Gran Bretaña para manter os seus imperios coloniais abre o camiño ós movementos descolonizadores. Os panislamistas insisten en rexeitar o modelo político, social, económico e cultural de occidente por consideralo bárbaro e corrupto. Os panarabistas tratan de unir as súas forzas en torno á Liga árabe, para tratar de impedir a creación do Estado de Israel a costa dos palestinos (guerras árabe-israelíes) e aproveitando as tensións da guerra fría lograr confirmar os procesos de descolonización.
- e) As décadas de 1950 e 1960: o discurso panislamista perde seguidores ante o éxito dos procesos de modernización nos países do norte de África e Oriente Medio, levados a cabo polos panarabistas desde os propios gobernos.
- f) Na década de 1970: como os gobernantes panarabistas non son capaces de dar resposta ós problemas derivados dos intentos de modernización (enorme éxodo rural, chabolismo, deterioros dos servizos públicos, enorme débeda pública ... humillante prepotencia do Estado de Israel, neocolonialismo dos EEUU, etc.) e tenden a reprimir o descontento, os panislamistas procuran gañar seguidores entre os descontentos dos suburbios e das aulas universitarias ... ofrecendo como saída a ruptura cos modelos capitalista e socialista da cultura occidental cristiano-xudaica .

O triunfo, en 1979, da revolución chiíta, liderada por Jomeini no Irán, fronte os intentos de modernización pro occidental apoiados polos EEUU, marcou un cambio transcendental para a evolución política e social do espazo islámico, ó estenderse por todo o mundo islámico unha nova utopía: a posibilidade de regresar a harmonía a través da recuperación dos fundamentos do islam.

- g) Nos anos 80 e 90: a decadencia dos movementos panarabistas e o auxe sorprendente dos panislamistas logrou inquietar á vez á URSS (planteouse un cuestionamento do modelo socialista no Afganistán e nas repúblicas soviéticas centro-asiáticas) e a EEUU (pois debilitaba a súa posición como potencia petrolífera no Golfo Pérsico e a súa posición diplomática no mundo islámico ... por este motivo a URSS e os EEUU favoreceron calquera tensión no mundo islámico (brutal guerra Irán-Irak de 1980-88) para alentar toda división entre países de cultura islámica)

A partir dos anos 90, co fin da bipolaridade, os EEUU decidiron usar a expansión do panislamismo como escusa para xustificar a pervivencia de organismos como a OTAN ou os programas de

rearme... arrastrando ós países de Europa Occidental a formar un fronte contra o inimigo común : o fundamentalismo islámico. Ante o inimigo común os EEUU e os seus aliados coordinaron os esforzos para reducir a expansión do movemento fundamentalista islámico a calquera prezo: apoiando dictaduras, favorecendo golpes de estado, intervindo en guerras civís, etc. Esta postura xustifícanse como unha denuncia da barbarie e tradicionalismo de grupos islamistas como os jomeinistas iranís, os talibán afganos, ... en realidade os panislamistas adoptan a mesma postura pois basean a súa loita en denunciar ós occidentais como bárbaros e corruptores do modo de vida tradicional dos territorios islámicos.

Polo tanto para o mundo islámico o rebrote de movementos fundamentalistas, que reclaman un regreso á tradición do al-Corán e a sunna, son un fenómeno común con características máis ou menos intolerantes ou violentas segundo os distintos países. Sen embargo para os occidentais resulta un feito inquietante, porque coincide cun cuestionamento dos seus modelos ideolóxicos capitalista e socialista e afecta a unha área xeográfica clave para obtención de petróleo e para o equilibrio internacional.